

Ref: Camiño de Santiago 2019: a Vía da Prata

### NOTA INFORMATIVA – SERVIZO DE DEPORTES

Remitimos instrucións para o pagamento das etapas do Camiño de Santiago, segundo o establecido nas bases de organización da actividade.

Informamos que se modificaron os apartados 6.3 e 6.4 co obxecto de aclarar o sistema de pago e os prazos para cada etapa (xuntamos copia).

#### CARTAS DE PAGO

1. O Concello emitirá unha carta de pago para cada praza en cada etapa.
2. Podedes recollela na oficina do Servizo de Deportes ou no Pavillón de Rianxo.
3. Se o preferides, podemos remitila por correo electrónico. Solicitádenolo por teléfono ou correo e xa vola facemos chegar.
4. Non é necesario confirmar que se vai participar nas etapas, a praza xa está reservada e a carta de pago emitirase automaticamente en cada etapa. O que si tedes que facer é avisar se non ides, para que non se emita carta de pago.

#### PAGAMENTO

1. **1ª etapa:** Ata o 5 de febreiro.
2. **Resto de etapas.** Na táboa podedes ver a data límite de pago para cada etapa.
3. É importante respectar a data tope de pagamento pois a carta caduca e a partir dese día non servirá.
4. Hai tres opcións para pagar:
  - Nas seguintes entidades bancarias (ABANCA, La Caixa, Banco de Santander e Banco Pastor), sexa nas oficinas de Rianxo ou calquera outra localidade.
  - Nos caixeiros das mesmas entidades bancarias.
  - Banca electrónica, usando a opción “recibos” e introducindo os códigos que tedes na parte superior da carta de pago.
5. Non é necesario entregar nada nin avisar de que pagastes. Xa nos chega o aviso do banco.

ETAPA	ITINERARIO	DATA TOPE PAGAMENTO	DATA PREVISTA ETAPA
1	Allariz - Ourense	05/02/2019	09/02/2019
2	Ourense - Cea	05/03/2019	09/03/2019
3	Cea - Dozón	26/03/2019	30/03/2019
4	Dozón - Bendoiro	09/04/2019	13/04/2019
5	Bendoiro - Outeiro	30/04/2019	04/05/2019
6	Outeiro – Santiago	28/05/2019	01/06/2019